



# **CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA**

---

**Datos provinciais**

**Mes de marzo e 1º trimestre de 2019**

**PROVINCIA DE A CORUÑA**
**MARZO 2019**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	91.519	-8,8%	161.033	-7,8%	1,76	1,1%	31,61%	-3,58
PENSIÓNS	13.575	-12,0%	35.534	16,6%	2,62	32,5%	17,13%	3,40
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>105.094</b>	<b>-9,2%</b>	<b>196.567</b>	<b>-4,2%</b>	<b>1,87</b>	<b>5,5%</b>	<b>27,42%</b>	<b>-1,13</b>
APTOS. TURÍSTICOS	2.681	-9,2%	7.103	-10,6%	2,65	-1,5%	15,58%	-2,30
TURISMO RURAL	2.448	-21,1%	3.522	-46,1%	1,44	-31,7%	7,64%	-4,12
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>5.129</b>	<b>-15,3%</b>	<b>10.625</b>	<b>-26,7%</b>	<b>2,07</b>	<b>-13,4%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>110.223</b>	<b>-9,6%</b>	<b>207.192</b>	<b>-5,7%</b>	<b>1,88</b>	<b>4,3%</b>	-	-

- Comportamento negativo da demanda turística na provincia de A Coruña neste terceiro mes do ano, con caídas tanto da cifra de viaxeiros aloxados nos establecementos regrados –do 9,6%- coma do volume de noites –do 5,7% neste caso-.
- Este descenso afecta a todas as tipoloxías agás as pensións, modalidade que consegue superar o volume de noites do pasado ano –nun 17%- grazas á notable mellora da estadía media. A caída é máis moderada nos hoteis –do 8%- e máis acusada nos establecementos de turismo rural –do 46% neste caso-.
- O 95% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 78% nos hoteis e un 17% nas pensións-. O 5% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento algo diferente dos tres grandes segmentos de mercado. Neste mes sobe o turismo interno –un 2,7%- e o internacional –un 13,5%- mentres que pola contra descende o turismo procedente do resto do Estado –nun 14,9% neste caso-.
- O segmento de maior peso neste mes é o receptor nacional. Representa en marzo o 47% do total da demanda –medida en pernoctacións-. O mercado internacional supón o 26% neste caso, porcentaxe equivalente á dos residentes na propia comunidade.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución parella ao da demanda. Sobe e mellora nas pensións –en máis de tres puntos- e descende nas restantes modalidades con intensidade variable mais non moi dispar –entre dous e catro puntos en termos xerais-.

**PROVINCIA DE A CORUÑA**
**1º TRIMESTRE 2019**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	233.620	0,1%	402.372	-0,4%	1,72	-0,5%	28,29%	-1,06
PENSIÓNS	31.543	-10,8%	89.741	8,7%	2,85	21,9%	15,96%	3,26
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>265.163</b>	<b>-1,4%</b>	<b>492.114</b>	<b>1,1%</b>	<b>1,86</b>	<b>2,5%</b>	<b>24,81%</b>	<b>0,80</b>
APTOS. TURÍSTICOS	7.405	9,2%	17.156	-7,9%	2,32	-15,6%	13,29%	-1,89
TURISMO RURAL	5.058	-4,6%	7.600	-31,2%	1,50	-27,9%	6,40%	-1,60
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>12.463</b>	<b>3,2%</b>	<b>24.756</b>	<b>-16,5%</b>	<b>1,99</b>	<b>-19,1%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>277.626</b>	<b>-1,2%</b>	<b>516.870</b>	<b>0,1%</b>	<b>1,86</b>	<b>1,3%</b>	-	-

- Nos primeiros tres meses deste ano obsérvase, en termos globais, certa estabilidade dos niveis de demanda turística regrada na provincia de A Coruña como consecuencia da combinación de dous factores: leve caída da cifra de viaxeiros aloxados e incremento parello da estadía media.
- Obsérvase un comportamento dispar a nivel das diferentes tipoloxías. En concreto, sobe a demanda nas pensións –un 8,7%-, mantense estable nos hoteis e descende nas modalidades extrahoteleiras –un 7,9% nos apartamentos turísticos e un 31,2% nos establecementos de turismo rural-.
- O 95% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 78% nos hoteis e un 17% nas pensións-. O 5% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes mercados. Dunha banda sobe o turismo interno –nun 6,7%- e o internacional –nun 2,5%- e descende, pola contra, o turismo procedente do resto do Estado –nun 2,5% neste caso-.
- O segmento de maior peso é o turismo receptor nacional –representa o 49% do total-. O segmento internacional supón neste período o 22,5%.
- A estadía media increméntase nun 1,3% para situarse en 1,86 noites de media.
- En termos de ocupación o comportamento difire tamén nas distintas tipoloxías. Mellora nas pensións –en máis de tres puntos porcentuais- e descende nas restantes modalidades entre un e dous puntos porcentuais.
- A cifra de ocupación máis elevada rexístrase nos hoteis, cun 28,3% de media neste período de tres meses.

**PROVINCIA DE LUGO**
**MARZO 2019**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	24.748	-11,4%	45.270	-8,4%	1,83	3,4%	28,73%	-2,88
PENSIÓNS	5.021	-66,4%	12.826	-43,0%	2,55	69,6%	12,78%	-8,79
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>29.770</b>	<b>-30,6%</b>	<b>58.096</b>	<b>-19,2%</b>	<b>1,95</b>	<b>16,3%</b>	<b>22,49%</b>	<b>-5,09</b>
APTOS. TURÍSTICOS	1.215	-7,3%	3.210	-36,0%	2,64	-30,9%	6,66%	-9,82
TURISMO RURAL	1.974	-46,7%	3.100	-53,9%	1,57	-13,5%	7,02%	-6,04
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>3.189</b>	<b>-36,4%</b>	<b>6.310</b>	<b>-46,2%</b>	<b>1,98</b>	<b>-15,5%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>32.959</b>	<b>-31,2%</b>	<b>64.406</b>	<b>-23,0%</b>	<b>1,95</b>	<b>11,8%</b>	-	-

- Rexístrase neste terceiro mes de 2019 unha forte caída da demanda turística regrada na provincia de Lugo. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados nun 31,2% e o volume de noites nun 23,0% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este comportamento negativo é transversal e afecta a todas as tipoloxías de aloxamento, con intensidade moderada nos hoteis –onde o volume de noites cae nun 8%- e moi acusadas nas restantes modalidades –que rexistran descensos do contorno do 40-50%.
- O 90% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 70% nos hoteis e un 20% nas pensións-. O 10% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural –co 5% en ambas tipoloxías-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado, con descensos xeneralizados tanto do turismo interno –do 11%- coma do receptor nacional –do 29%- e do internacional –do 17% neste caso-.
- O segmento de maior peso neste terceiro mes do ano é o turismo interno, dos residentes en Galicia –representa a metade das noites hoteleiras-.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento parello ao da demanda. Descende en todas as modalidades con intensidade variable mais importante –en tres puntos nos hoteis, seis puntos en turismo rural, preto de nove puntos nas pensións e en case dez puntos nos apartamentos turísticos-.
- A estadía media sobe un 11,8% para situarse en 1,95 noites de media.

**PROVINCIA DE LUGO**
**1º TRIMESTRE 2019**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	61.909	-4,4%	105.918	-2,0%	1,71	2,5%	24,88%	-1,07
PENSIÓNS	11.095	-48,7%	34.319	-16,1%	3,09	63,6%	12,79%	-2,14
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>73.005</b>	<b>-15,5%</b>	<b>140.237</b>	<b>-5,9%</b>	<b>1,92</b>	<b>11,3%</b>	<b>20,19%</b>	<b>-1,40</b>
APTOS. TURÍSTICOS	2.909	-3,3%	8.761	-24,1%	3,01	-21,5%	6,35%	-6,83
TURISMO RURAL	4.386	-32,4%	6.944	-36,9%	1,58	-6,6%	6,33%	-2,34
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>7.295</b>	<b>-23,2%</b>	<b>15.705</b>	<b>-30,3%</b>	<b>2,15</b>	<b>-9,3%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>80.300</b>	<b>-16,2%</b>	<b>155.942</b>	<b>-9,1%</b>	<b>1,94</b>	<b>8,5%</b>	-	-

- No primeiro trimestre deste 2019 rexístrase un descenso global dos niveis de demanda turística regrada na provincia de Lugo. A cifra de viaxeiros aloxados cae un 16,2% e o volume de noites un 9,1% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Obsérvase neste período un comportamento homoxéneo da demanda nas diferentes tipoloxías. Descende en todas elas, con baixa intensidade nos hoteis –nun 2%- e de forma máis acusada nas pensións –nun 16%-, nos apartamentos turísticos –nun 24%- e en turismo rural –nun 37% neste caso-.
- O 90% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 68% nos hoteis e un 22% nas pensións-. O 10% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 6%- e os establecementos de turismo rural –co 4% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase neste período un comportamento algo diferente dos tres grandes segmentos de mercado. Descende o turismo de ámbito estatal –un 4,3% o interno e un 11,9% o receptor nacional- e incrementábase, en cambio, o internacional –nun 8,7% neste caso-.
- O segmento de maior peso neste período é o mercado interno –representa o 52% do total das noites hoteleiras-.
- Neste contexto negativo sobe e mellora a estadía media –un 8,5%- para situarse en 1,94 noites de media.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento parello ao da demanda. Descende en todas as tipoloxías con diversa intensidade –nun punto nos hoteis, en máis de dous puntos nas pensións e en turismo rural e en case sete puntos nos apartamentos turísticos-.
- Os hoteis marcan tamén neste caso a cifra de ocupación máis elevada cun 24,9% de media neste período de tres meses.

**PROVINCIA DE OURENSE**
**MARZO 2019**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	23.498	7,9%	40.909	1,7%	1,74	-5,7%	32,36%	-0,22
PENSIÓNS	4.427	-42,0%	9.871	-27,0%	2,23	25,9%	17,76%	-3,18
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>27.926</b>	<b>-5,0%</b>	<b>50.780</b>	<b>-5,5%</b>	<b>1,82</b>	<b>-0,5%</b>	<b>27,89%</b>	<b>-0,67</b>
APTOS. TURÍSTICOS	446	-48,9%	1.028	-30,7%	2,30	35,5%	10,98%	-3,67
TURISMO RURAL	2.304	-27,7%	3.753	-31,6%	1,63	-5,4%	12,66%	-5,60
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>2.750</b>	<b>-32,3%</b>	<b>4.781</b>	<b>-31,4%</b>	<b>1,74</b>	<b>1,2%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>30.676</b>	<b>-8,4%</b>	<b>55.561</b>	<b>-8,5%</b>	<b>1,81</b>	<b>-0,1%</b>	-	-

- En termos globais obsérvase neste mes de marzo un comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de Ourense. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados –nun 8,4%- así como o volume de noites –un 8,5% neste caso-.
- Rexístrase un comportamento algo diferente nas diferentes tipoloxías de aloxamento. O nivel de demanda sobe levemente nos hoteis –un 1,7%- e descende nas restantes tres modalidades –un 27% nas pensións, un 31% nos apartamentos turísticos e un 32% no ámbito do turismo rural-.
- O 91% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 74% nos hoteis e un 18% nas pensións-. O 9% restante repártese entre os apartamentos turísticos e os establecementos de turismo rural.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Descende o turismo de ámbito estatal –un 8% o interno e un 14% o receptor nacional- e increméntase, pola contra, o mercado internacional –nun 48% neste caso-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste mes é o mercado interno, dos residentes en Galicia –representa o 50% do total das noites hoteleiras-.
- A dinámica dos niveis de ocupación amosa un comportamento algo parecido ao da demanda. Mantense estable nos hoteis e descende nas restantes modalidades –en máis de tres puntos nas pensións e nos apartamentos turísticos e en case seis puntos nos establecementos de turismo rural-.
- A estadía media mantense estable neste mes con 1,8 noites –a cifra máis baixa das catro provincias galegas-.

**PROVINCIA DE OURENSE**
**1º TRIMESTRE 2019**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROIS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	52.911	0,3%	90.522	1,5%	1,71	1,2%	27,36%	0,52
PENSIÓNS	11.971	-31,2%	24.466	-20,7%	2,04	15,2%	15,18%	-1,23
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>64.883</b>	<b>-7,5%</b>	<b>114.988</b>	<b>-4,2%</b>	<b>1,77</b>	<b>3,5%</b>	<b>23,35%</b>	<b>0,31</b>
APTOS. TURÍSTICOS	1.289	-48,4%	3.061	-44,6%	2,37	7,4%	12,04%	-7,08
TURISMO RURAL	5.677	-21,9%	8.848	-25,9%	1,56	-5,0%	10,79%	-4,58
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>6.966</b>	<b>-28,7%</b>	<b>11.909</b>	<b>-31,8%</b>	<b>1,71</b>	<b>-4,3%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>71.849</b>	<b>-10,1%</b>	<b>126.897</b>	<b>-7,7%</b>	<b>1,77</b>	<b>2,6%</b>	-	-

- Nos primeiros tres meses deste 2019 obsérvase un comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de Ourense, con caídas tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 10,1%- coma do volume de noites –do 7,7% neste caso-.
- Esta dinámica negativa vén como consecuencia dos descensos observados en tres modalidades concretas: nas pensións –cunha caída do 21%- , nos apartamentos turísticos –cun descenso do 45%- e en turismo rural –cunha caída neste caso do 26%- . Nos hoteis a demanda sobe un 1,5%.
- O 90% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 71% nos hoteis e un 19% nas pensións-. O 10% restante repártese entre os apartamentos turísticos –co 3%- e os establecementos de turismo rural –co 7% neste caso-.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase un comportamento diferente dos tres grandes segmentos de mercado. Neste caso descende o turismo de ámbito estatal –un 1% o interno e un 18% o receptor nacional, o que procede do resto do Estado- e incrementábase o internacional –nun 29%-.
- En Ourense o segmento de maior volume e peso neste período é o mercado interno –representa o 53% das noites hoteleiras-.
- A estadía media incrementábase neste período –un 2,6% en particular-, para situarse preto de 1,8 noites.
- En termos de ocupación obsérvanse variacións dispares: mellora nos hoteis –en medio punto- e descende nas restantes modalidades –en máis dun punto nas pensións, en case cinco puntos nos establecementos de turismo rural e en sete puntos nos apartamentos turísticos-.
- Xustamente son os hoteis a tipoloxía que rexistra a cifra de ocupación máis elevada, cun 27,4% de media neste período de tres meses.

**PROVINCIA DE PONTEVEDRA**
**MARZO 2019**

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	66.868	-4,1%	135.640	-7,2%	2,03	-3,2%	34,70%	-0,90
PENSIÓNS	6.910	-27,4%	17.362	1,7%	2,51	40,0%	20,76%	0,84
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>73.778</b>	<b>-6,9%</b>	<b>153.002</b>	<b>-6,3%</b>	<b>2,07</b>	<b>0,7%</b>	<b>32,22%</b>	<b>-0,65</b>
APTOS. TURÍSTICOS	980	-40,6%	2.005	-49,2%	2,05	-14,5%	8,78%	-3,24
TURISMO RURAL	1.746	-24,1%	3.680	-15,4%	2,11	11,4%	7,60%	-0,89
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>2.726</b>	<b>-31,0%</b>	<b>5.685</b>	<b>-31,5%</b>	<b>2,09</b>	<b>-0,7%</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>76.504</b>	<b>-8,1%</b>	<b>158.687</b>	<b>-7,5%</b>	<b>2,07</b>	<b>0,6%</b>	-	-

- Comportamento negativo da demanda turística regrada na provincia de Pontevedra neste terceiro mes de 2019. Obsérvase neste sentido un descenso tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 8,1%- como do volume de noites –do 7,5% neste caso-.
- O descenso da demanda ten un carácter xeneralizado, isto é, prodúcese en todas as tipoloxías de aloxamento agás nas pensións –única modalidade que consegue superar as cifras de marzo de 2018, nun 2% neste caso-. O descenso é moderado nos hoteis –do 7%-, algo máis elevado en turismo rural –do 15%- e moi notable nos apartamentos turísticos –do 49% neste caso-.
- O 96% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 85%- e ás pensións –co 11% neste caso-. A porcentaxe restante fica entre os establecementos de turismo rural e os apartamentos turísticos.
- Só para o ámbito hoteleiro obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos de mercado. Neste mes crece a demanda en dous segmentos: o interno –nun 7%- e o internacional –nun 3%- . Descende en cambio o turismo receptor nacional, nun 20% neste caso.
- Neste mes é o mercado interno o de maior peso na provincia –absorbe o 42% do total da demanda-. O receptor nacional representa neste caso o 39%.
- Os niveis de ocupación varían de forma diversa. Mellora en case un punto nas pensións e descende nas restantes tres tipoloxías, en case un punto nos hoteis e nos establecementos de turismo rural e en máis de tres puntos nos apartamentos turísticos.
- Incrementábase neste mes a estadía media, un 0,6% en particular, para situarse preto de 2,1 noites –a cifra máis elevada das catro provincias-.




**PROVINCIA DE PONTEVEDRA**
**1º TRIMESTRE 2019**


TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	164.394	-3,4%	309.218	-5,8%	1,88	-2,4%	29,78%	-1,02
PENSIÓNS	13.920	-20,2%	42.708	7,5%	3,07	34,7%	18,94%	2,27
<b>ESTAB. HOTELEIROS</b>	<b>178.315</b>	<b>-5,0%</b>	<b>351.925</b>	<b>-4,3%</b>	<b>1,97</b>	<b>0,7%</b>	<b>27,84%</b>	<b>-0,37</b>
APTOS. TURÍSTICOS	1.493	-25,9%	3.273	-29,0%	2,19	-4,1%	4,94%	-2,46
TURISMO RURAL	3.871	-2,5%	8.722	24,3%	2,25	27,6%	6,47%	1,35
<b>ESTAB. EXTRAHOTELEIROS</b>	<b>5.364</b>	<b>-10,4%</b>	<b>11.995</b>	<b>3,2%</b>	<b>2,24</b>	<b>15,2%</b>	<b>-</b>	<b>-</b>
<b>TOTAL</b>	<b>183.679</b>	<b>-5,2%</b>	<b>363.920</b>	<b>-4,1%</b>	<b>1,98</b>	<b>1,1%</b>	<b>-</b>	<b>-</b>

- No primeiro trimestre deste ano 2019 obsérvase un descenso da demanda turística regrada na provincia de Pontevedra. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados cae un 5,2% e o volume de noites un 4,1% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- O descenso da demanda vén provocado pola caída rexistrada nos hoteis -tipoloxía de maior peso e importancia na que o volume de noites descende un 5,8%- e nos apartamentos turísticos –cunha caída do 29%- . O volume de noites sobe, en cambio, nas pensións –un 7,5%- e nos establecementos de turismo rural –un 24% neste caso-.
- O 97% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –segmento que absorbe o 85%- e ás pensións –co 12% neste caso-. A porcentaxe restante fica entre os apartamentos turísticos –co 1%- e os establecementos de turismo rural –co 2% neste caso-.
- Só para o ámbito hoteleiro obsérvase un comportamento algo dispar dos tres grandes segmentos de mercado: sobe neste período o turismo interno –un 3,8%- e descende o receptor –un 12,0% aquel de ámbito estatal e un 3,6% o internacional-.
- A estadía media increméntase suavemente –un 1,1% en particular- para situarse preto das dúas noites.
- Os niveis de ocupación varían de forma dispar e no sentido da demanda. Descende nos hoteis –nun punto porcentual- e nos apartamentos turísticos –en máis de dous puntos- e mellora en cambio nas pensións –en máis de dous puntos- e nos establecementos de turismo rural –máis dun punto neste caso-.
- Os hoteis marcan tamén en Pontevedra a cifra de ocupación máis elevada, cun 29,8% de media neste período de tres meses.


Reparto da demanda turística regrada. Noites marzo 2019



Variación da demanda turística regrada. Noites marzo 19/18



Reparto da demanda turística regrada. Noites 1º trimestre 2019



Variación da demanda turística regrada. Noites 1º trimestre 19/18

